

ESSAY ON PRECARIOUS WORK AND VULNERABLE PERSONS

Director: Jaime Cabeza Pereiro

Editorial: Thomson Reuters, Aranzadi.

A recoñecida competencia e prestixio de Jaime Cabeza Pereiro, así como a actualidade do tema a tratar auguran un traballo rico en contido e forma.

O Estudo configúrase sobre a base da actual tendencia á substitución dos tradicionais contratos indefinidos de longa duración por patróns de traballo máis flexibles, co incremento dos contratos atípicos, tendencia que supón a precarización do traballo e o aumento da vulnerabilidade dos traballadores.

Sobre o estudo desta realidade, o autor formula a necesidade de ofrecer unha resposta global a un fenómeno que, en maior ou menor medida, se reproduce en todos os mercados de traballo. Resposta que entende debe partir da protección universal como principio inalienable.

Para intentar ofrecer respostas razoadas a este fenómeno, pártese da contextualización do traballo precario ou vulnerable, nun primeiro capítulo no que se establecen os presupostos e as definicións que rexerán todo o estudo.

Sínálase o crecemento dos contratos atípicos como unha resposta á actual situación de reestruturación dos mercados de traballo, cunha maior segmentación entre os traballadores con vínculos típicos e atípicos. Así, a presión pola hiperflexibilización do mercado laboral na sociedade do coñecemento dirixe as relacións laborais cara a vínculos atípicos, pero tamén supón unha relaxación nos dereitos dos traballadores con vínculos tradicionais.

O concepto do traballo precario identifícase coa inestabilidade asociada ás relacións laborais que carecen de protección e sitúan os traballadores en vulnerabilidade social e/ou económica. Esta realidade mestúrase con

elementos discriminatorios e con factores políticos e sociais, dando lugar a un fenómeno multidimensional.

A globalización ten unha clara influencia na modificación do sistema de traballo, que redundou na redución dos dereitos e expectativas dos traballadores, con erosión da súa capacidade de negociación colectiva. Este fenómeno é mais acusado no caso de traballadores con pouca formación.

O aumento da influencia dos mercados financeiros internacionais na determinación das políticas nacionais, a crise económica e o aumento das políticas neoliberais están a supoñer a desregularización nas relacións laborais, con redución da protección legal dos traballadores.

A individualización na determinación das condicións laborais, coa perda de poder da negociación colectiva, deixa os traballadores máis débiles desprotexidos. Pero non só os vínculos tradicionalmente precarios vense afectados. O tradicional traballador a tempo completo con vínculo indefinido non queda á marxe da precarización de condicións laborais, lastrado tanto pola desregulación legal coma pola debilidade sindical.

Realízase polo autor un sistemático estudo dos instrumentos internacionais aprobados na materia, estudo que abrangue as propostas da OIT mediante o Programa polo Traballo Decente, así como a Recomendación sobre a transición da economía informal á economía formal, 2015 (núm. 204). Inclúense nesta detallada análise dos instrumentos internacionais as conclusións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas en setembro 2015, que determinan os catro pilares do Programa de Traballo Decente - creación de emprego, protección social, dereitos no traballo e diálogo social- e o Documento do Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais do Consello Económico e Social da ONU relativo ao Dereito a condicións de traballo equitativas e satisfactorias.

Así mesmo efectúase unha profunda análise das iniciativas da Unión Europea en materia de promoción do traballo decente.

Aos efectos de centrar os termos do estudo, procédese a delimitar o concepto de traballo informal, acudindo para o efecto ao Documento da OIT aprobado en Xénova en 2007,

que determina a dificultade de xeneralizar con respecto á calidade dos empregos informais, pero establece que estes con frecuencia implican malas condicións laborais e están relacionados co aumento da pobreza. Sinálase que o emprego informal pode ter características tales como falta de protección en casos de non pagamento de salarios, obriga de facer horas extraordinarias, despedimentos sen preaviso nin compensación, condicións de traballo inseguras e ausencia de beneficios sociais.

Así, enténdese que a economía informal acomoda a unha diversidade de traballadores e empresarios que efectúan actividades económicas que legalmente ou na práctica non están cubertas, ou o están insuficientemente, por acordos formais.

Enténdese maioritariamente que máis da metade da forza de traballo mundial está atrapada na economía informal, sendo tal situación un serio impedimento para o traballo decente. E resulta comunmente aceptado que gran parte dos traballadores afectados non optaron voluntariamente pola economía informal, senón que se viron forzados a incorporarse a esta pola ausencia de oportunidades.

O estudo sinala o desemprego como un estado de especial vulnerabilidade, cuxa regulación e cobertura institucional determina en moitos casos o acceso á economía informal como forma de subsistencia.

O segundo capítulo céntrase na situación dos traballadores emigrantes, recoñecendo as migracións transnacionais como unha das causas de proliferación do traballo vulnerable.

A íntima relación entre a ausencia de situación legal de permanencia no estado receptor e o risco de ter que someterse a condicións laborais abusivas é extensamente desenvolvida. Así, deféndese que os traballadores emigrantes ilegais son o grupo de traballadores máis precario e vulnerable, ao verse abocados a aceptar condicións máis subordinadas ao empregador.

Esta precariedade incrementase cando o status de traballador emigrante se entrelaza con circunstancias persoais tales como a raza, o sexo ou a relixión, dando lugar a causas de discriminación intersectoriais.

Efectúase unha crítica fundada á política en materia de migración dos países membros da Unión Europea, salientando que ningún país membro ratificou a Convención de Nacións Unidas de 1999 sobre a protección dos dereitos de todos os traballadores migratorios e dos seus familiares, Resolución da Asemblea Xeral 45/158.

Se ben a Carta Social Europea reconece no seu Artigo 19 o Dereito dos traballadores emigrantes e as súas familias a protección e a asistencia, deixa unha ampla marxe aos dereitos nacionais para a súa regulación. Estas políticas nacionais son examinadas superficialmente, concluíndo que os estados, a través da lexislación de inmigración poden crear situacións legais de vulnerabilidade.

Entrando no estudo dos traballadores con relacións de traballo precarias sistematízase a actual situación mediante a análise de cinco situacións específicas:

- traballadores con contratos sometidos a termo
- traballo a través de axencias de colocación
- traballo casual e contratos de cero horas
- teletraballo
- traballo autónomo

Efectúase unha atinada disección dos problemas de precariedade anoados a cada un destes vínculos, cun diagnóstico comparativo da situación de diversos sistemas legais. Póñense de manifesto os tímidos intentos da Unión Europea de establecer unha marco legal común, con acento na regulación establecida nas Directivas 1999/70/CE e 2008/104/CE.

O cuarto capítulo ofrece unha visión das condicións nas que se desenvolve o traballo doméstico, poñendo o foco de atención na externalización que se está a producir do traballo de coidado familiar.

Este fenómeno non só se observa nos países desenvolvidos, senón que é común, e mesmo é máis acusado, nos países en vías de desenvolvemento, posiblemente pola inexistencia dun sistema público de coidado familiar.

Anatomízanse atinadamente as condicións propias deste tipo de traballo, coas causas da súa tradicional precariedade

e os intentos dende instancias internacionais de modificar tal réxime. Así, estúdanse os estándares de comportamento establecidos pola OIT na Convención 189 e na Recomendación 201 sobre traballo doméstico; no ámbito da ONU as iniciativas do Comité para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller e na Unión Europea a Resolución do Parlamento Europeo, do 19 de outubro de 2010, sobre as traballadoras en situación precaria.

O estudo procede a determinar os grupos vitimizados, cunha maior posibilidade de estar vinculado a traballo precario polas súas propias condicións persoais, sinalando ao efecto as condicións dimanantes do xénero, da raza, da minusvalidez e da idade.

Neste apartado resultan de grande interese as reflexións relativas á discriminación por razón de idade, por non estar esta causa incluída dentro dos estándares de igualdade clásicos. As consideracións sobre esta causa de discriminación sinalan atinadamente a tendencia á identificación da idade coa obsolescencia e coa falta de adaptación dos traballadores de maior idade a ámbitos laborais moi cambiantes, apuntando as dificultadas para a identificación desta forma de discriminación, que tende a enmascararse en termos de produtividade e adaptación ao posto.

A aproximación que se realiza ao traballo vulnerable na Unión Europea recolle parte das reflexións efectuadas nos anteriores capítulos, pero centradas no ámbito que nos é máis próximo. Valóranse as aproximacións normativas ao fenómeno do traballo atípico e vulnerable por parte da Unión Europea mediante instrumentos secundarios como a DIRECTIVA 97/81/CE do Consello relativa ao Acordo marco sobre o traballo a tempo parcial concluído pola UNICE, o CEEP e a CES; DIRECTIVA 1999/70/CE DO CONSELLO relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada e a DIRECTIVA 2008/104/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa ao traballo a través de empresas de traballo temporal. Así como o Libro Verde da Comisión de 2006: "Modernizar o Dereito laboral para afrontar os retos do

século XXI", como marco de estudo da modernización do Dereito laboral fronte ás evolucións dos mercados de traballo europeos, coa intención de que estes mostren unha maior flexibilidade e garantan unha seguridade óptima.

Sínálase a paralización destes intentos da Unión Europea coa irrupción da crise económica, que fixo que se concentren os esforzos da UE na estabilización financeira, así como a influencia na relativización dos obxectivos en materia de dereitos laborais.

Dedícase o último capítulo do estudo a unha crítica reflexión sobre os termos nos que os dereitos socioeconómicos dos traballadores, e mesmo dos cidadáns, se ven afectados en períodos de crise, así como ao papel que a entrada en vigor do Protocolo facultativo ao Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais o 5 de maio de 2013 poida ter no futuro.

Este instrumento establece un mecanismo de denuncia a nivel internacional para as persoas cuxos dereitos económicos, sociais e culturais fosen violados e que non obtivesen xustiza no seu propio país, finalizando o autor do estudo animando ao uso deste instrumento en relación cos dereitos dos traballadores vulnerables.

En suma, o estudo desenvolvido polo Profesor Cabeza Pereiro, dunha forma crítica pero efectiva anatomiza a política internacional de protección dos traballadores en situación de precariedade. As reflexións contidas neste estudo non só resultan de plena actualidade, senón que obrigan á reflexión sobre a materia tratada.

Lidia de la Iglesia Aza

Abogada do Sindicato Nacional de Comisiones Obreras de Galicia